

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC02	Integración social	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0338	Inserción sociolaboral	2025/2026	0	213	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	GONZALO DOCAMPO NÚÑEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza o contexto da inserción sociolaboral, para o que analiza o marco legal e os recursos existentes
RA2 - Planifica a intervención en inserción laboral, para o que identifica as necesidades das persoas ás que vaia dirixida
RA3 - Aplica técnicas de adestramento en habilidades sociolaborais tendo en conta a relación entre as necesidades das persoas usuarias e o ámbito laboral
RA4 - Planifica actividades de inserción sociolaboral, para o que analiza a metodoloxía de emprego con apoio
RA5 - Define procedementos para o seguimento e a avaliación do proceso de inserción sociolaboral, e xustifica a selección das estratexias, as técnicas e os instrumentos de avaliación

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbóronse o marco legal e as políticas de emprego dirixidas a colectivos con dificultades de inserción
CA1.2 Descríbóronse as principais modalidades de inserción sociolaboral
CA1.4 Identifícanse as principais fontes de información acerca dos recursos formativos e sociolaborais existentes
CA1.5 Enumeráronse técnicas para a elaboración de arquivos con información sobre os recursos sociolaborais e formativos existentes
CA1.6 Identifícanse técnicas para o estudo de oportunidades que ofrecen os recursos sociolaborais e formativos
CA1.7 Identifícanse as canles que permiten establecer e manter relacións de colaboración sistemática con empresas e institucións
CA2.2 Identifícanse as variables que contribúen a determinar as competencias laborais de diversos colectivos e persoas usuarias

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
CA2.4 Definíronse as principais fases e os principais elementos do proceso de planificación de proxectos de inserción sociolaboral
CA2.6 Identificáronse os documentos e os instrumentos de planificación característicos da inserción laboral
CA2.7 Descríronse estratexias propias da intervención que garantan unha maior implicación das persoas usuarias e do seu ámbito na procura activa de emprego
CA3.5 Estableceuse a secuencia das tarefas e das funcións propias do posto de traballo da persoa usuaria
CA3.6 Estableceuse a secuencia das actividades que favorezan o desempeño da actividade laboral de xeito independente
CA3.8 Valorouse a importancia da implicación da persoa usuaria e da súa familia no proceso de inserción sociolaboral
CA4.1 Descríronse os principios que rexen os proxectos de emprego con apoio
CA4.4 Seleccionáronse estratexias para a implicación dos apoios naturais na adaptación da persoa usuaria ao seu posto de traballo
CA4.5 Identificáronse as técnicas e os recursos que favorezan a adaptación do ambiente laboral ás necesidades da persoa usuaria
CA4.8 Valorouse a necesidade de cambiar da fase de apoio á de seguimento ou mantemento, mediante a análise dos indicadores establecidos
CA5.1 Identificáronse os indicadores que determinan o éxito ou o fracaso do proxecto de inserción
CA5.2 Descríronse técnicas de recollida de información para valorar o proceso de adaptación da persoa usuaria ao posto de traballo
CA5.4 Descríronse procedementos de medición da satisfacción e da adaptación das partes implicadas no proceso de inserción laboral
CA5.6 Describiuse o protocolo de coordinación co equipo interdisciplinar durante a fase de seguimento

## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
RA1 - Caracteriza o contexto da inserción sociolaboral, para o que analiza o marco legal e os recursos existentes

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
RA2 - Planifica a intervención en inserción laboral, para o que identifica as necesidades das persoas ás que vaia dirixida
RA3 - Aplica técnicas de adestramento en habilidades sociolaborais tendo en conta a relación entre as necesidades das persoas usuarias e o ámbito laboral
RA4 - Planifica actividades de inserción sociolaboral, para o que analiza a metodoloxía de emprego con apoio
RA5 - Define procedementos para o seguimento e a avaliación do proceso de inserción sociolaboral, e xustifica a selección das estratexias, as técnicas e os instrumentos de avaliación

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
CA1.3 Identificáronse os recursos laborais e formativos para a inserción laboral das persoas usuarias
CA1.8 Argumentouse a importancia do papel das persoas coa titulación de técnico superior de Integración Social no proxecto de inserción sociolaboral
CA2.1 Caracterizáronse as necesidades específicas de inserción laboral que presentan os colectivos de intervención
CA2.3 Valorouse a importancia de respectar o dereito de autodeterminación das persoas usuarias
CA2.5 Determináronse itinerarios de inserción sociolaboral
CA2.8 Valorouse a importancia de colaborar co equipo interdisciplinar na análise do axuste entre as persoas usuarias e o posto de traballo
CA2.9 Deseñouse e elaborouse programas de inserción laboral individualizados dirixidos a vítimas de violencia de xénero
CA3.1 Seleccionáronse técnicas de promoción da autonomía persoal no ámbito laboral
CA3.2 Elaboráronse actividades para o desenvolvemento de habilidades dirixidas á procura activa de emprego
CA3.3 Aplicáronse técnicas para mellorar as habilidades sociais das persoas usuarias no ámbito laboral
CA3.4 Seleccionáronse estratexias que lle favorezan á persoa usuaria o establecemento dun bo clima laboral e que evitan as situacións de crise
CA3.7 Establecéronse as medidas que aseguren o cumprimento das normas de seguridade e hixiene durante a xornada laboral

**Criterios de avaliación do currículo**

CA4.2 Aplicáronse procedementos de presentación e acompañamento á empresa

CA4.3 Determináronse os apoios externos e as súas tarefas no proceso de inserción sociolaboral

CA4.6 Determináronse as axudas técnicas e as adaptacións do posto de traballo

CA4.7 Establecéronse vías de comunicación que favorezan a coordinación entre a empresa e o equipo durante a fase de apoio

CA5.3 Elaboráronse instrumentos de valoración e observación do mantemento de aprendizaxes adquiridas

CA5.5 Valorouse a importancia de manter as canles de comunicación entre todos os elementos implicados no proceso de inserción sociolaboral

CA5.7 Elaboráronse informes e memorias finais sobre o proxecto de inserción laboral

CA5.8 Rexistráronse e organizáronse os resultados da avaliación do proceso de inserción sociolaboral

**3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

A presente programación foi realizada atendendo ao establecido no Decreto vixente polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Integración Social.

**MÍNIMOS ESIXIBLES:**

RA 1 Caracteriza o contexto da inserción sociolaboral, para o que analiza o marco legal e os recursos existentes

CA 1.1 Descríbironse o marco legal e as políticas de emprego dirixidas a colectivos con dificultades de inserción

CA 1.2 Descríbironse as principais modalidades de inserción sociolaboral

CA 1.3 Identificáronse os recursos laborais e formativos para a inserción laboral das persoas usuarias

CA 1.4 Identificáronse as principais fontes de información acerca dos recursos formativos e sociolaborais existentes

CA 1.5 Enumeráronse técnicas para a elaboración de arquivos con información sobre os recursos sociolaborais e formativos existentes

CA 1.6 Identificáronse técnicas para o estudo de oportunidades que ofrecen os recursos sociolaborais e formativos

CA 1.7 Identifícanse as canles que permiten establecer e manter relacións de colaboración sistemática con empresas e institucións

CA 1.8 Argumentouse a importancia do papel das persoas coa titulación de técnico superior de Integración Social no proxecto de inserción sociolaboral

RA 2 Planifica a intervención en inserción laboral, para o que identifica as necesidades das persoas ás que vaia dirixida

CA 2.1 Caracterizáronse as necesidades específicas de inserción laboral que presentan os colectivos de intervención

CA 2.2 Identifícanse as variables que contribúen a determinar as competencias laborais de diversos colectivos e persoas usuarias

CA 2.3 Valorouse a importancia de respectar o dereito de autodeterminación das persoas usuarias

CA 2.4 Defíníronse as principais fases e os principais elementos do proceso de planificación de proxectos de inserción sociolaboral

CA 2.5 Determináronse itinerarios de inserción sociolaboral

CA 2.6 Identifícanse os documentos e os instrumentos de planificación característicos da inserción laboral

CA 2.7 Descríbonse estratexias propias da intervención que garantan unha maior implicación das persoas usuarias e do seu ámbito na procura activa de emprego

CA 2.8 Valorouse a importancia de colaborar co equipo interdisciplinar na análise do axuste entre as persoas usuarias e o posto de traballo

CA 2.9 Deseñouse e elaborouse programas de inserción laboral individualizados dirixidos a vítimas de violencia de xénero

RA 3 Aplica técnicas de adestramento en habilidades sociolaborais tendo en conta a relación entre as necesidades das persoas usuarias e o ámbito laboral

CA 3.1 Seleccionáronse técnicas de promoción da autonomía persoal no ámbito laboral

CA 3.2 Elaboráronse actividades para o desenvolvemento de habilidades dirixidas á procura activa de emprego

CA 3.3 Aplicáronse técnicas para mellorar as habilidades sociais das persoas usuarias no ámbito laboral

CA 3.4 Seleccionáronse estratexias que lle favorezan á persoa usuaria o establecemento dun bo clima laboral e que evitan as situacións de crise

CA 3.5 Estableceuse a secuencia das tarefas e das funcións propias do posto de traballo da persoa usuaria

CA 3.6 Estableceuse a secuencia das actividades que favorezan o desempeño da actividade laboral de xeito independente

CA 3.7 Establecéronse as medidas que aseguren o cumprimento das normas de seguridade e hixiene durante a xornada laboral

CA 3.8 Valorouse a importancia da implicación da persoa usuaria e da súa familia no proceso de inserción sociolaboral

RA 4 Planifica actividades de inserción sociolaboral, para o que analiza a metodoloxía de emprego con apoio

CA 4.1 Descríbonse os principios que rexen os proxectos de emprego con apoio

CA 4.2 Aplicáronse procedementos de presentación e acompañamento á empresa

CA 4.3 Determináronse os apoios externos e as súas tarefas no proceso de inserción sociolaboral

CA 4.4 Seleccionáronse estratexias para a implicación dos apoios naturais na adaptación da persoa usuaria ao seu posto de traballo

CA 4.5 Identifícanse as técnicas e os recursos que favorezan a adaptación do ambiente laboral ás necesidades da persoa usuaria

CA 4.6 Determináronse as axudas técnicas e as adaptacións do posto de traballo

CA 4.7 Establecéronse vías de comunicación que favorezan a coordinación entre a empresa e o equipo durante a fase de apoio

CA 4.8 Valorouse a necesidade de cambiar da fase de apoio á de seguimento ou mantemento, mediante a análise dos indicadores establecidos

RA 5 Define procedementos para o seguimento e a avaliación do proceso de inserción sociolaboral, e xustifica a selección das estratexias, as técnicas e os instrumentos de avaliación

CA 5.1 Identificáronse os indicadores que determinan o éxito ou o fracaso do proxecto de inserción

CA 5.2 Describíronse técnicas de recollida de información para valorar o proceso de adaptación da persoa usuaria ao posto de traballo

CA 5.3 Elaboráronse instrumentos de valoración e observación do mantemento de aprendizaxes adquiridas

CA 5.4 Describíronse procedementos de medición da satisfacción e da adaptación das partes implicadas no proceso de inserción laboral

CA 5.5 Valorouse a importancia de manter as canles de comunicación entre todos os elementos implicados no proceso de inserción sociolaboral

CA 5.6 Describiuse o protocolo de coordinación co equipo interdisciplinar durante a fase de seguimento

CA 5.7 Elaboráronse informes e memorias finais sobre o proxecto de inserción laboral

CA 5.8 Rexistráronse e organizáronse os resultados da avaliación do proceso de inserción sociolaboral

Por tanto, para superar o módulo de Inserción sociolaboral a persoa aspirante deberá ter un coñecemento teórico-práctico suficiente en relación ás seguintes cuestións:

- Coñecer o contexto da inserción sociolaboral, o seu marco normativo e os recursos existentes
- Ter competencia para planificar os proxectos de inserción laboral identificando as necesidades das persoas usuarias.
- Coñecer e por en práctica técnicas de adestramento en habilidades sociolaborais.
- Diseñar actividades de inserción sociolaboral.
- Coñecer a metodoloxía do emprego con apoio e ter competencia para poñela en práctica.
- Coñecer e por en práctica os procedementos propios do seguimento e a avaliación do proceso de inserción sociolaboral.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A proba organizarase en dúas partes unha teórica e outra práctica, que permitan evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.

a) Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

b) Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada

de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, se cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Cualificación final: A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais. Obterase mediante da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

A 1ª parte estará constituída por preguntas de resposta curta e preguntas de resposta a desenvolver relacionados cunha mostra suficientemente significativa dos contidos relacionados cos criterios de avaliación que se relacionan nesta programación para a primeira parte da proba.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para responder a todas as preguntas.

Cada pregunta de resposta curta contestada correctamente terá unha puntuación de 5/nº preguntas de resposta curta da proba.

Cada pregunta de resposta a desenvolver contestada correctamente terá unha puntuación de 5/nº preguntas de resposta a desenvolver da proba.

Superarase esta proba cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10.

Non se redondearán notas por debaixo de 5.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun 0 na segunda parte da proba a efectos de calcular a cualificación final da proba libre.

A 2ª Parte da Proba consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de varios supostos prácticos de carácter escrito e/ou probas de execución práctica, nas que se amose un dominio dos criterios de avaliación relacionados coa parte práctica do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para dar resposta a todas as cuestións.

A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos prácticos ou probas de execución práctica vinculadas aos criterios de avaliación para superar esta parte da proba, polo que serán avaliados por separado. No caso de superar todas as propostas prácticas cunha nota de 5 ou máis, a cualificación final desta parte resultará do cálculo da media aritmética de cada unha das propostas de avaliación.

No caso de non acadar o 5 nalgún dos supostos prácticos e/ou probas de execución práctica a persoa candidata non acadará o 5 na cualificación global da segunda parte da proba en ningún caso.

Terase en conta o uso e dominio do vocabulario específico do módulo.

Non se redondearán notas por debaixo de 5.

#### CALCULO DA NOTA FINAL DO MÓDULO

Superarase a proba libre cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10. A nota final será o resultado da media aritmética de ambas probas expresada con números naturais enteiros, entre 1 e 10, só se fará media de

cualificacións nas diferentes partes obtendo unha cualificación de 5 ou máis en cada parte. Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima ",51" ou máis.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba estará constituída por preguntas de resposta curta e preguntas de resposta a desenvolver sobre os contidos relacionados cos CA que se relacionan nesta programación para a primeira parte da proba.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para responder a todas as preguntas.

Cada pregunta de resposta curta contestada correctamente terá unha puntuación de 5/nº preguntas da proba.

Cada pregunta de resposta a desenvolver contestada correctamente terá unha puntuación de 5/nº preguntas da proba. Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro.

A persoa candidata acreditará a súa identidade con documento oficial.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior dende o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ate o remate das mesmas, salvo expresa indicación notificada previamente do profesorado responsable. Isto inclúe teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Unha vez iniciadas as probas escritas as persoas candidatas agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia da proba nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización da mesma.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo acción de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será de 0.

##### 4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de varios supostos prácticos de carácter escrito e/ou probas de execución práctica, nas que se amose un dominio adecuado dos criterios de avaliación relacionados coa parte práctica do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte.

A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos prácticos ou probas de execución práctica vinculadas aos criterios de avaliación para superar esta parte da proba, polo que serán avaliados por separado. No caso de superar todas as propostas prácticas cunha nota de 5 ou máis, a cualificación final desta parte resultará do cálculo da media aritmética de cada unha das propostas de avaliación.

No caso de non acadar o 5 nalgún dos supostos prácticos e/ou probas de execución práctica a persoa candidata non acadará o 5 na cualificación global da segunda parte en ningún caso.

A proba terá unha duración de 120 minutos.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro.

A persoa candidata acreditará a súa identidade co DNI ou pasaporte.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior desde o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ata o remate das mesmas, salvo expresa indicación notificada

previamente do profesorado responsable. Isto inclúe teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Unha vez iniciadas as probas as persoas candidatas agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia da proba nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización da mesma.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo acción de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será de 0.